

DOCENTES:

José Carlos López Seisdedos. Médico. Director do Equipo de Atención Psicosocial da Fundación Porque Viven-La Caixa.

Médico experto en cooperación ao desenvolvemento, con posgra en saúde internacional. Conta con ampla experiencia na dirección e coordinación nacional de organizacións de desenvolvemento e axuda humanitaria, así como na súa representación institucional. Actualmente dirixe a Fundación Porque Viven, onde ten como principal obxectivo a difusión e sensibilización sobre a necesidade de crear servizos de cuidados paliativos pediátricos en toda España con criterios de atención multidisciplinar, que aseguren a dignidade do/a neno/a enfermo/a, e que proporcionen cuidados no domicilio familiar para o paciente e as súas persoas coidadoras, intentando que o tempo de vida sexa o máis activo, socializado, sen dor, e coa maior calidade de vida posible.

Ana Alcaide Donoso. Traballadora Social do Equipo de Atención Psicosocial en Coidados Paliativos Pediátricos da Fundación Porque Viven-La Caixa.

Traballadora social sanitaria, que presta servizos na Unidade de Coidados Paliativos Pediátricos do Hospital Niño Jesús, o Centro de día paliativo pediátrico A Laguna e a casa de acollida Casa Belén. Realiza atención social con intervención individual e grupal a pacientes e familias que padecen enfermidades polas que están sendo atendidos pola Unidade de Coidados Paliativos pediátricos do Hospital Universitario Niño Jesús da Comunidade de Madrid. Xestiona voluntariado e servizos da fundación e titora de alumnos e alumnas para a Universidade Complutense de Madrid e a Universidade de Comillas.

Aurora Martínez Monroy. M-24256

É psicóloga xeral sanitaria experta en Psicooncoloxía e Psicoloxía en Coidados Paliativos na Unidade de Coidados paliativos pediátricos e a Unidade de Coidados Intensivos pediátricos do Hospital Infantil Universitario Niño Jesús de Madrid desde 2013 ata a actualidade. Realiza atención psicolóxica domiciliar, hospitalaria e na sede da Fundación Porque Viven, con intervención individual e grupal a pacientes pediátricos en situacións de terminalidade ou enfermidade avanzada oncolóxica e non oncolóxica, as súas familias e persoal sanitario. Como docente destaca o seu traballo en distintos másteres das universidades de Comillas, UNIR, Complutense e Europea na área de Psicoloxía en Coidados Paliativos Pediátricos. Tamén foi docente en formación do COP Madrid, Hospital Infantil Universitario Niño Jesús de Madrid e Consellería de Sanidade. Membro activo en grupos de traballo "Psicooncoloxía e Psicoloxía en Coidados Paliativos" do COP Madrid e "Atención Psicosocial en Coidados Paliativos Pediátricos" da Sociedade Española de Coidados Paliativos Pediátricos.

OBXECTIVOS:

O obxectivo xeral deste curso é adquirir formación teórica e práctica sobre os aspectos psicolóxicos e sociais da atención paliativa pediátrica desde unha visión integral, tendo en conta as necesidades do/a paciente, a súa familia e os/as profesionais implicados/as na atención.

METODOLOXÍA:

Activa e participativa baseada en clases teóricas. Realizarase unha reflexión sobre as experiencias clínicas achegadas polos participantes e será facilitada bibliografía básica específica sobre cuidados paliativos pediátricos ao alumnado.



CURSO ATENCIÓN PSICOLÓXICA E SOCIAL AO/Á NENO/A, FAMILIA E PROFESIONAIS EN COIDADOS PALIATIVOS PEDIÁTRICOS

En trámite a solicitude de acreditación como
actividade de formación continuada do
Sistema Nacional de Salud

Docentes:


José Carlos López Seisdedos
Ana Alcaide Donoso
María Aurora Martínez Monroy

Organiza:

Sección de Psicoloxía e Saúde do
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Coordinadora:

Alicia Carballal Fernández



Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

- **DURACIÓN:**
12 horas.
- **DATAS:**
22 e 23 de febreiro de 2019.
- **LUGAR:**
Aula Docencia 1 do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela (R/ da Choupana, s/n, 15706 Santiago de Compostela).
- **Nº DE PRAZAS:**
70.
- **HORARIO:**
Venres, 22 de febreiro de 17:00 a 21:00 horas e sábado, 23 de febreiro de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.
- **PREZOS:**

Psicólogos/as Colexiados/as:	35,00€
Psicólogos/as Colexiados/as socios/as da Sección de Psicología e Saúde:	28,00€
Psicólogos/as Colexiados/as demandantes de emprego e estudantes de 4º de Grao de Psicología e Máster en Psicología:	17,50€
Psicólogos/as non Colexiados/as e outros/as profesionais:	70,00€

■ **INSCRICIÓN:**
Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo copia do boletín de inscrición xunto co xustificante de ter realizado transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicología de Galicia, conta corrente IBAN nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de Abanca. Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de enviálas cando se empregue ese medio.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos Colexiados, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicárase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar a actividade entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas Colexiais: Para as tarifas de demandante de emprego, axuntárase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a **tarxeta de demandante de emprego**. Os e as estudantes de 4º de Grao de Psicología ou Máster en Psicología terán que presentar copia da matrícula: As psicólogas e psicólogos non Colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicología.

Último día de inscrición: **11 de febreiro de 2019.**

PROGRAMA:

Venres, 22 de febreiro

De 17:00 a 17:30 horas: **Aspectos xerais da atención integral en cuidados paliativos pediátricos.**

De 17:30 a 18:00 horas: **Puntos clave na atención paliativa pediátrica.**

De 18:00 a 19:00 horas: **Aspectos sociais da atención paliativa pediátrica.**

De 19:00 a 19:30 horas: **Aspectos psicolóxicos e sociais na atención ao/á neno/a ou adolescente.**

De 19:30 a 20:00 horas: **Visitas de seguimento ao/á paciente.**

De 20:00 a 21:00 horas: **Caso práctico clínico/humanización do/a neno/a e/ou da persoa centrada nas persoas.**

Sábado, 23 de febreiro

De 09:00 a 10:00 horas: **Entrevista clínica psicolóxica inicial e valoración inicial dos familiares.**

De 10:00 a 10:30 horas: **Información e comunicación. Pacto de silencio.**

De 10:30 a 11:00 horas: **Detectar o malestar emocional do/a cuidador principal, sobrecarga física e emocional e risco de claudicación familiar (escala de sobrecarga a persoa cuidadora, escala ZARIT).**

De 11:00 a 12:00 horas: **Visita de seguimento de familiares.**

De 12:00 a 12:30 horas: **Atención a irmás e/ou irmáns.**

De 12:30 a 13:30 horas: **Atención a outros/as familiares e/ou cuidadores/as. Colexios CEE e outros centros onde reside o neno e/ou nena (garda/custodia).**

De 13:30 a 14:00 horas: **Caso práctico de xénero (muller cuidadora principal).**

De 16:00 a 17:00 horas: **Atención ao falecemento e dó.**

De 17:00 a 17:30 horas: **Sesións de falecemento co equipo.**

De 17:30 a 18:00 horas: **Soporte a profesionais: A humanización dos cuidados ao final da vida.**

De 18:00 a 18:30 horas: **Burnout. Fatiga por compaixón e/ou satisfacción por compaixón. Ferramentas de afrontamento para profesionais que traballan con persoas que sofren.**

De 18:30 a 20:00 horas: **Espiritualidade ao final da vida.**

**BOLETÍN DE INSCRICIÓN
CURSO ATENCIÓN PSICOLÓXICA E SOCIAL AO NENO/A, FAMILIA E PROFESIONAIS EN CUIDADOS PALIATIVOS PEDIÁTRICOS**

NOME E APELIDOS

TFNO. E-MAIL

Nº DE COLEXIADO/A

ENDERZO

CIDADE E C.P.

PROFESIÓN

CENTRO DE TRABAJO

N.I.F.

Socio/a da Sección de Psicología e Saúde

Solicita factura (achegar datos fiscais)

XÚNTESE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA Á CONTA CORRENTE IBAN Nº ES64-2080-0316-2330-4000-8164 DE ABANCA

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicología de Galicia, con CIF Q1500265B, con domicilio en Rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, provincia da Coruña, con número de teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercer competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conservaremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicología de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexitimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento que lle identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no número de teléfono 981894601 e correo electrónico copgalicia@copgalicia.gal. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro de entidade ou na páxina web www.copgalicia.gal